

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA NÚMERO 336/2020, DE NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DUN/HA FUNCIONARIO/A DE CARREIRA PERTENCENTE AO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello en sesión ordinaria celebrada o día 17 de febreiro de 2020 se prestou aprobación ás bases reguladoras para a selección dun/a funcionario/a de carreira pertencente ao Grupo C, Subgrupo C2, Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, polo procedemento de oposición libre.

Visto que de acordo co punto 9) das bases hai que proceder ao nomeamento dos membros que integraran o tribunal cualificador.

Consonte ao artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999; polo presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder ao nomeamento dos membros que integran o tribunal cualificador para a selección dunha praza de funcionario/a de carreira de auxiliar administrativo polo procedemento de oposición libre, que estará constituído da seguinte forma:

-Presidente.- José Manuel Oliver Rivera (Xefe de Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Ourense).

Suplente: Diego Guede Novoa (Xefe do Departamento Xurídico do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Ourense)

Vogais:

-José Ramón Rivas Díaz (Administrativo do Concello de A Pontenova).

Suplente: José Miguel Veigas Méndez (Xefe de Sección de Dominio Público da Demarcación de Costas de Galicia en A Coruña)

-Ana Lucía Pardal Peña (Técnico de Información Profesional de Demandantes de Emprego da Deputación Provincial de Lugo).

Suplente: Manuel A. Trabado Trabado (Xefe da Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo)

-Pilar Rozas Alonso (Secretaria accidental do Concello de Meira)

Suplente: Julia Vázquez Silvarrey (Xefa de Sección e Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo)

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

-Secretario: Manuel Carramal Silva (Técnico de Administración Xeral do Concello de Pontevedra)
Suplente: Mónica Gimenez López (Letrada da Deputación Provincial de Lugo)

Segundo.- De acordo co punto 9.2.- das bases da convocatoria os membros do tribunal deberán absterse de intervir e notificaranllo ao órgano convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público ou cando realizasen tarefas de preparación á probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias

Terceiro.- O tribunal poderá requirir ás persoas aspirantes, en calquera momento do proceso, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria.

No caso de constatare que alguna das persoas aspirantes non reúne un ou varios dos requisitos, o tribunal, previa audiencia ao/á interesado/a, deberá emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobouse a relación definitiva de aspirantes admitidos/as, comunicando, así mesmo, as inexactitudes ou falsidades formuladas pola persoa aspirante na súa solicitude de participación para os efectos pertinentes.

Cuarto.-As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a súa práctica.

Quinto.- O tribunal poderá excluír a aquelas persoas opositoras en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores ou leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

Sexto.-Proceder á publicación do tribunal na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello

Sétimo.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime convinte.

Decreta, manda e asina o señor alcalde en funcións, ante min a secretaria que dou fe

Meira, 24 de setembro de 2020

Documento asinado electronicamente